



COSTAS, Xosé-Henrique (2023): *Ao sur da liberdade*. Cangas do Morrazo: Editorial Morgante, 234 pp.

Coñeciamos ben o traballo de Xosé-Henrique Costas como profesor universitario e tamén como lingüista: foi o impulsor entre nós do “valego”, estudou as “falas estremeiras”, os antropónimos, os xentilicios...; ademais do seu labor como normalizador da lingua e como comunicador nas redes sociais. Mais tivemos que agardar a que cumprira os sesenta para vermos a súa primeira novela. Blanco Amor tamén agardou aos sesenta para publicar *A esmorga*; temos tradición “sesenteira” na nosa literatura.

Costas estreouse na narrativa prometendo unha triloxía, *Banu Marwán, a estirpe do galego*, arredor do fundador de Badallouce (Badaxoz) Abdelramán Marvánez Iáñez o Galego. Comezouna en 2023 con *Ao sur da liberdade*, protagonizada polo avó, Ianes, a que comentamos nestas liñas. En 2024 apareceu a segunda, *Entre a vontade e o destino*, protagonizada polo pai, Marwán, “na que desafia os tópicos da historiografía española canónica para integrar o que os novos estudos van descubrindo sobre o papel do Reino da Galiza na altura” (*Nós Diario*, 15/10/2024). Agardamos que en 2025 poidamos ler a terceira, *O señor de Badallouce*.

Comeza *Ao sur da liberdade* cun mapa, obra de Martinho Picalho, no que se mostra o itinerario que vai percorrer o protagonista por Galiza e Portugal. A seguir é recomendable dar unha volta polos apéndices finais e prepararnos para a lectura, porque nesta novela non só gozamos co desenvolvemento da historia, tamén “aprendemos” unha morea de datos sobre a época e os catro índices xa nos poñen no camiño.

- Índice toponímico: 76 entradas con explicación en moitas delas da forma actual e mesmo da etimoloxía. Así temos, “GALEZA: (1) forma derivada etimolóxica de GALLAECIA que aínda permanece no microtopónimo GALEZ (Entrimo); (2) reino de fronteiras difusas polo sur que abrangue a Gallaecia

romana e case toda a Galicia sueva (inclúe as actuais Galicia, Minho, Trás-os-Montes, Asturias, León e Zamora”. Outra mostra: “TERRA DOS SETE CASTELOS ou TENZA DO COUTO DO RÍO MAO: antigo territorio situado no noroeste do actual concello do Incio (antigamente Oíncio)”.

- Índice onomástico: máis de noventa nomes, entre eles Aileova, Anserico, Berila, Eileva, Fáfila, Gundemaro, Meimoa, Guntroda e outros de aparencia árabe. Fainos lembrar as listaxes de nomes das obras de Álvaro Cunqueiro, autor ben estudado por Costas.
- Glosario de voces dialectais, arcaicas ou pouco comúns: máis de oitenta. Sinálanse os arcaísmos e nas dialectais o lugar onde foron oídas. Entre elas aparecen “barrelo” (tipo de berce abaneable para arrolar o meniño, Os Ancares) ou “petada” (costa empinada, As Portelas) que tamén son usadas con ese significado no meu Carballedo lugrés de nacemento; outras persoas lectoras poderán tamén sentirse identificados con algunha.
- Fontes bibliográficas: 26 entradas para darlle fiabilidade e ambientación á historia, unha bibliografía digna dun ensaio. Foi necesario recorrer ás crónicas árabes en tradución francesa na Biblioteca Nacional de Francia para a documentación.
- Por outra parte, ao longo dos XXXIII capítulos atopamos once ilustracións en branco e negro (doce coa cuberta) de monumentos, detalles arquitectónicos ou de alfaias, que non son moi habituais na novela galega e que a persoa lectora agradece ben porque lle axudan a meterse nese tempo narrado. Son obra do coñecido ilustrador Héitor Picallo.

Todo comeza no ano 785 nas terras do río Mao (polo Incio) cando un pai se ve obrigado a mandar os fillos, entre eles Ianes, coas monxas e os frades de Samos para que poidan comer. Un mosteiro con escravos mouros –son bérberes vindos do sur– que seus pais venderon tamén para sacalos da fame.

Tres anos despois Ianes xa vai á escola e aprende ben, mais aparece frei Sulpicio, o violador de rapaces a quen ninguén se enfronta e acontece que... Ianes vai ser acusado falsamente e a súa irmá Baia aconséllalle que escape. “E Ianes fuxiu na noite camiño do sur” (velaí o título). Neste punto comeza a novela itinerante, de fuxida ou mesmo de viaxes, e ás veces picaresca. Con el foxe o seu amigo imazighen El’ Lekhla; leva o seu can Crevis e a espada que lle dá o pai. Van por Caldelas e Allariz, “ao sur do Sil”. Ianes fai a tonsura para poder pasar por un novizo en peregrinación cara a Braga. En abril do 789 están en San Trocado nas terras de Bande e á beira do Limia, pasan o Xurés e seguen cara a Braga. No 790 consegue saír de Braga cara a Lamego (onde Hidacio escribiu o *Chronicon* contra os priscilianistas e os suevos). Declárase a peste, pechan a vila e Ianes consegue escapulirse cara a Balsemán (Balsemão).

No 791 camiña cuns bérberes cara a Emiño (Coímbra), cruzan os altos Montes Ermíos (Serra da Estrela), pasan por Cova Illán (Covilhá) ata chegaren a Eidaña (Idanha-a-Velha). Despois de traballar de pegureiro colle fama como ferreiro e albéitar, casa polo rito ariano cunha lavandeira e teñen tres pequenos: Meimoa, Marwán e Meilán. Nos comezos do século IX nun ambiente pacífico e de comprensión faltaba un convidado non desexado, a peste, e... así remata o periplo de Ianes o galego.

É sobre todo nas conversas de Ianes onde imos sabendo da historia de finais do século VIII. Con Haddai, o ferreiro acristianado, aprendemos sobre os concilios e as historias dos cristiáns, algo que non lle contan os frades. En Samos está escondido o neno don Afonso, fillo do reinante asasinado don Froila. Agora reina o traidor Mauregato apoiado polo rei de Hispania Abdalramán, mentres o franco Carolus Magnus pretende gañar influencia cara ao sur de Roncesvalles. En Braga sabemos que morreu Mauregato e foi substituído por Veremundo. Estase xuntando un exército galaico e o conde Sexifredo de Porto Cale ofrécelle mercar o compañeiro mouro para adestrar os seus cans. Camiño de Mérida as novas son que houbo loitas na Galeza e goberna Afonso Froiaz, o que el coñecera en Samos. En Eidaña chegan noticias de que don

Afonso está a armar unha tropa con galegos, francos, navarros e normandos para atacar Toledo e rematar cos adopcionistas, condenados por herexes no concilio de Francoforte.

Toda a novela é un canto á variedade lingüística, ademais da toponimia e antroponimia antiga; nela hai moitos fragmentos nas linguas da época, sempre acompañados da súa tradución ao galego moderno. Os bérberes de Samos falan na súa lingua mentres os novizos e os fillos dos nobres aprenden latín e forman a *schola monachorum*, rexida polo *magister* frei Sunila. Ianes fai de tradutor dunha escrava para un conde, diríxese en latín ao abade dun mosteiro, escoitamos cantigas en bérber... A xente emprega tamazig, galaicorromán, lusorromán, árabe.

A variedade de linguas e procedencias nestas terras vai parella á diversidade relixiosa. No 791 Ianes vai cuns bérberes cara a Emiño e sabe de trinitarios, adopcionistas, ismaelitas, xudíos. O conde de Mirobria ten na súa hoste hispanos trinitarios, pero tamén hai bérberes, árabes cristiáns, francos, escravos fuxidos. En Eidaña chegou a haber tres bispos a un tempo, un trinitario, un adopcionista e outro priscilianista. As discusións sobre se Cristo é só home ou tamén é Deus, se María é ou non nai de Deus; o diálogo entre bispos falando de se o viño se conserva mellor en bocoí ou en barril (p. 191) relacionándoo coa natureza de Cristo é do mellor do libro.

Na citada Eidaña do ano 801 non hai impostos reais, só esmolos con fins comunitarios, a xente vive en paz e non hai escravos. Na basílica repártense os días entre os xudeus, os donatistas, os unitaristas (araianos e adopcionistas) e os trinitarios porque os casianistas celebran os seus ritos no campo, eran cristiáns asemblearios que non tiñan abades nin bispos.

Galeza e Hispania son terras con linguas, xentes, culturas e relixións diversas nas que os nobres arman exércitos e alianzas para poder gobernar, todo visto polos ollos dun rapaz-mozo galego.

Esta novela con fondo histórico e un espazo galego-portugués lémbrame outra boa historia, *A soidade do inquisidor* de Alberte Blanco, na que se recrea o século XVI; lense moi ben as dúas. Cómprennos moitas máis novelas nas que se reflicta a nosa historia que tan pouco coñecemos e, polo tanto, tan pouco valoramos.

Anxo González Guerra
Profesor xubilado de Lingua Galega
e Literatura
anxoglezguerra@edu.xunta.es